

Relación militar Estado español- Israel

1. Venda de armas a Israel (exportacións)

No período 2005-2022, segundo os informes dispoñibles da Secretaría de Estado de Comercio do Goberno español as exportacións de armas españolas a Israel foran as seguintes, desagregadas en:

- Exportacións autorizadas de material de defensa: 136,45 millóns de euros
- Exportacións realizadas de material de defensa: 28,67 millóns de euros
- Exportacións realizadas de material de dobre uso: 40,71 millóns de euros

[As exportacións de armas españolas e europeas a Israel, incumpren 7 de os 8 Criterios da Posición Común 2008/944/PESC, pola que se definen as normas comúns que rexen o control das exportacións de tecnoloxía e equipos militares.](#)

	Exportacións realizadas	Exportacións autorizadas
2005	273728	953116
2006	441335	1109575
2007	1515934	4365309
2008	2358989	157200
2009	790635	2805955
2010	1429035	5766600
2011	472545	11955201
2012	637842	4318591
2013	4884467	5968281
2014	3428087	19461750
2015	2187266	2225360
2016	530927	13057875
2017	1386558	1408000

2018	619334	11747850
2019	2114483	11107750
2020	477288	17736842
2021	3452969	13010804
2022 (primeiro semestre)	1673299	9289435


28.674.721 € 136.445.494 €





2. Compra de armas a Israel (importacións)

As importacións españolas de armamento israelí son moito máis altas que as exportacións de armamento español a Israel. No gráfico de máis abaixo se mostra esta situación, neste caso mediante a monitorización da importación/exportación de produtos e compoñentes cuxas categorías están rexistradas na clasificación de mercadoría TARIC (código 93) de aduanas. Non obstante, cómpre sinalar que estas importacións son só unha parte do total de compras de armamento israelí por parte de España.



Por exemplo, só o programa de **mísiles Spike** representa un negocio de varios centos de millóns de euros, dos cales só unha parte é contabilizada como "importacións". En 2002

asinouse un acordo entre a española **Santa Bárbara Sistemas** (parte do conglomerado estadounidense General Dynamics) e a empresa israelí **Rafael** (que ten unha filial en España: **Pap Tecnos**) para subministrar ás Forzas Armadas españolas 260 postos de tiro e 2.550 mísiles contracarro de medio alcance (4 km), cun custo de **364 millóns** para o Ministerio de Defensa español. Aínda que os mísiles son un desenvolvemento de Rafael, foron fabricados e integrados en España por Santa Bárbara, mediante un contrato de transferencia de tecnoloxía. En 2018, o Consello de Ministros autorizou unha nova partida a este convenio de colaboración para o desenvolvemento tecnolóxico e industrial do programa de mísiles Spike e, recentemente, o Consello de Ministros do 12 de setembro de 2023 aprobou a compra de máis mísiles Spike que desenvolverá Pap Tecnos, valorados en **285 millóns de euros**. **Nótese que só o custo destes mísiles multiplica o total das exportacións de armas españolas a Israel.**

Outro exemplo significativo de relacións comerciais e acceso a contratos públicos españois é a aprobación por **576,4 millóns de euros** a pagar en cinco anos da compra de lanzacohetes de alta mobilidade SILAM, [desenvolvido conxuntamente polas empresas españolas Expal, GMV e Escribano e a israelí Elbit Systems](#).

Outros exemplos de importacións ou relacións entre empresas militares españolas e israelíes inclúen **drons** de IAI y Elbit Systems, **torretas de vehículo terrestre** de Rafael, **sistemas de morteiro** de Elbit Systems o **munición de tanques** de **Israel Military Industries Ltd.** (IMI Systems), entre moitas outras.

[Estes fabricantes están entre as firmas que máis se lucran coas ocupacións militares, e todos estes produtos foron publicitados como “probados en combate” en Gaza.](#) A importación por parte de España das armas probadas na ocupación é especialmente relevante xa que é unha forma de lexitimar o seu uso e de contribuír á viabilidade das empresas exportadoras e da ocupación en sí mesma. De feito, así o denuncia Human Rights Watch, que detallou no seu [informe](#) “*Precisely Wrong. Gaza Civilians Killed by Israeli Drone-Launched Missiles*”, de 30 de xuño de 2009, como os mísiles Spike empregados polos drons das Forzas Armadas de Israel durante os ataques a Gaza na operación Chumbo Fundido causaron a morte dun gran número de civís, especificando que Amnistía Internacional proporcionou os nomes de 58 civís que serían asasinados por drons.

3. Filiais de empresas militares israelís no estado español

Tamén é sintomático da estreita cooperación militar entre España e Israel é a existencia de filiais en España de empresas israelís, cuxas vendas tampouco se contabilizan normalmente como importacións de material militar. Entre estas filiais podemos destacar as seguintes:

[PAP Tecnos](#). É a filial da empresa israelí Rafael, e unha importante provedora dos exércitos españois. PAP Tecnos subcontrata, á súa vez, a outras empresas españolas con fortes vínculos coa industria de Defensa israelí: Tecnobit y Expal.

Aeronautics Enterprise España (AEE). É a filial española do holding israelí Aeronautics Defense Systems, que fabrica, entre outros produtos, vehículos no tripulados para usos militares

Magal España. É a filial española da multinacional Magal, fundada en 1967 como unha división da israelí IAI. Magal é unha firma líder en vixilancia intelixente perimetral, control de accesos y ciberseguridade, entre outros. A empresa matriz, Magal Security Systems Ltd, [prove de seguridade ao muro do apartheid e dota de sistemas de seguridade aos asentamentos ilegais no territorio ocupado palestino.](#) [Nos últimos anos Magal aumentou significativamente a cifra de negocios en España.](#)

Guardian Spain Homeland Security. É a filial española da israelí Guardian Holdings LTD, e opera como representante en España dos principais fabricantes israelís de material policial e militar. Distintos corpos policiais en España adquiriron produtos militares e/ou policiais israelís a través de Guardian, e tamén que, entre los clientes de Guardian, figuraron, segundo a propia empresa Guardian, o Ministerio de Defensa, o Ministerio do Interior, a Casa Real, a Agencia Tributaria, a Gardia Civil, os Mossos d'Esquadra, a Ertzaintza, a Policía Nacional ou a Policía Foral, entre outros.

Ademais, sabemos que [España utiliza servicios de espionaxe e interceptación de comunicacións proporcionados por empresas de Israel.](#) Entre los compradores, destacan o Ministerio de Defensa, o CNI, o Corpo Nacional de Policía, a Gardia Civil e distintas policías autonómicas. E entre los produtos ofertados destacan o programa de espionaxe **Pegasus** de **NSO Group Technologies**, **Cellebrite** ou os servizos e aplicacións de **Verint Systems**.

4. Como a industria militar israelí se beneficia dos fondos I+D europeos

A relación entre a Unión Europea e Israel é unha das máis amplas e profundas que a UE mantén con calquera terceiro país do mundo. Abarca as relacións comerciais, económicas, de investigación e innovación, cooperación técnica, financeira e educación.

Atendendo únicamente ao aspecto de defensa e seguridade, Israel goza dun trato privilexiado respecto ao financiamento, por parte da UE, de proxectos de I+D. Neste sentido, Israel foi considerado tradicionalmente “País Asociado”, unha categorización que lle permite acceder aos sucesivos programas marco de financiamento de I+D da UE.

Paralelamente, a participación da industria militar israelí en programas de I+D da Unión Europea permite a este sector establecer relacións de colaboración coa industria europea que, á súa vez, se convierten nunha vía de entrada para comercializar os seus produtos no mercado europeo.

No período **2008–2027 Israel recibirá un total de 69,39 millóns** de euros correspondientes a proxectos de investigación presentados nos programas europeos **FP7 Security** (31,98 M€), **Horizon 2020** (34,18 M€) e o actual **Horizon Europe** (3,23 M€). Cantidade moito maior que algúns membros da UE cunha poboación similar, como por exemplo Hungría (un total de 43,1 M€).

Algunhas das empresas que se beneficiarán destas axudas son Tamar (que fabrica explosivos) 0,8M€ entre 2012-2025, Israel Aerospace Industries (sistemas de defensa antiaérea, drones, sistemas de armas aéreas) con 4,5M€ no período 2008-2022, e Elbit Systems (material electrónico de defensa, drones) con 4,57 M€ no período 2008-2018.

Neste ámbito o Goberno español non ten capacidade decisoria. **Pero pode incluír o tema na axenda, especialmente neste semestre que España exerce a presidencia do Consello da UE.**

5. ¿Por que un embargo de armas a Israel?

Manter relacións militares con Israel incumpre numerosas directrices españolas e europeas.

As exportacións de armas españolas y europeas a Israel, violan 7 de os 8 Criterios da Posición Común 2008/944/PESC, pola que se definen as normas comunes que rexen o control das exportacións de tecnoloxía e equipos militares. A compra de material militar a Israel, facer negocios con empresas militares e de seguridade israelís e vender armas a Israel, fortalece o modelo militar e de seguridade do país e, o que é mais importante, contribúe a manter a ocupación ilegal e o réxime de apartheid que Israel fai economicamente viable coa venda dos seus produtos militares “probados en combate”. Seguir comprando material bélico, a un estado que está a levar a cabo unha masacre, é contribuír a que se enriquezca por ela.

O marco legal do Estado español permite varias vías para impulsar un embargo militar a Israel.

O marco xurídico estatal ten dúas normas que avalan a posición para o embargo de armas: A Lei 53/2007, de 28 de decembro, sobre o control do comercio exterior de material de defensa e de dobre uso, e o Tratado internacional sobre comercio de armas (ratificado por España no 17 de marzo del 2014).

Os dous textos prohíben a venda de armas a países en conflito. A Lei española establece no seu artigo 8 que as autorizacións de venda de armas serán denegadas "cando existan indicios racionais de que o material de defensa, o outro material ou os produtos e tecnoloxías de dobre uso podan ser empregados en accións que perturben a paz, a estabilidade ou a seguridade nun

ámbito mundial ou rexional, podan exacerbar tensións ou conflitos latentes, podan ser utilizados de maneira contraria ao respecto debido e á dignidade inherente ao ser humano, con fines de represión interna ou en situacións de violación de dereitos humanos".

O Tratado vai na mesma liña. O artigo 6.1 y 6.3 establece unha obriga moi clara para España: "un Estado parte non autorizará ningunha transferencia de armas convencionais (...) si no momento da autorización ten coñecemento de que as armas ou os elementos poderían utilizarse para cometer xenocidio, crímes de lesa humanidade, infraccións graves dos Convenios de Xenebra de 1949, ataques dirixidos contra bens de carácter civil ou persoas civís protexidas como tales, ou outros crímes de guerra tipificados nos acordos internacionais dos que sexa parte".

En relación á importacións, segundo o Real Decreto 679/2014, de 1 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, de outro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, as importacións definitivas y temporais dos materias da Lista de Armas de Guerra poderán ser suspendidas, denegadas ou revogadas, por resolución dictada polo titular da Secretaría de Estado de Comercio cando existan indicios racionais de que o material de defensa, o outro material ou os produtos y tecnoloxías de dobre uso podan ser empregados en accións que perturben a paz, a estabilidade ou a seguridade nun ámbito mundial ou rexional, podan exacerbar tensións ou conflitos latentes, podan ser utilizados de maneira contraria ao respecto debido e á dignidade inherente ao ser humano, con fins de represión interna ou en situacións de violación grave do dereito internacional dos dereitos humanos o do dereito internacional humanitario, teñan como destino países con evidencia de desvíos de materiais transferidos ou poidan vulnerar os compromisos internacionais contraídos por España.

O embargo militar aplicouse noutras ocasións como medida de presión para que os Estados respecten os dereitos humanos. En 1977, o Consello de Seguridade da ONU aprobou por unanimidade a Resolución 418, que impoñía un embargo de armas obrigatorio a Sudáfrica como medio de presión ao goberno sudafricano para que puxese fin ao apartheid. O embargo duró ata despois das primeiras eleccións democráticas de 1994. Máis recentemente, a propia UE impuxo no 31 de xullo de 2014 sancións contra Rusia, incluído un embargo de armas, mediante a adopción da Decisión 2014/ 512/PESC do Consello, e o Regulamento (UE) núm. 833/2014 do Consello. Poñer fin ao comercio de armas con un estado que vulnera de forma sistemática o Dereito Internacional Humanitario e o Dereito Internacional dos Dereitos Humanos é unha obriga para a credibilidade internacional da UE.

Referencias do Centre Delàs d'Estudis per la Pau e do Observatori de Drets Humans i Empreses